



Ó Tío Manolo,  
que amou estas terras  
coma ninguén.

# Orientación e sinalética tradicionais

## Un modelo: A Serra de Queixa

**Tomás Vega Pato**

Debuxos e fotos do autor

**A Serra de Queixa** é un espazo situado dentro dos territorios de Manzaneda, Trives, Queixa e Vilariño de Conso. Pódese definir como a área xeográfica delimitada pola curva de nivel dos 1.000 m.s.n.m.. O seu punto culminante constitúeo a Cabeza Grande de Manzaneda, que ten unha altitude de 1.778 m. Outros cumes a destacar son: *O Alto das Malladas*, 1.763 m; *O Seixo*, 1.707 m; *O Lombo das Arcas*, 1.688 m; *A Mota*, 1.630 m e *A Pa*, 1.558 m.

É esta serra un medio que nunca deixará de sorprendernos polas particularidades que lle imprimíu a forte acción antropóxena de que

foi obxecto como consecuencia da súa intensa explotación mediante o pastoreo de gando ovino e caprino (res), vacún (gado) e equino (bestas), así como a obtención de leña e carbón mediante a extracción de raíces de uz (torgos). A itinerancia, e mesmo o laboreo nas zonas máis baixas para a obtención de centeo (searas), contribúen á acción modificadora da serra.

Outras circunstancias físicas ou climáticas derivadas da súa elevación, propiciaron o nacemento de sistemas ocupacionais, de tránsito e de aproveitamento, infrecuentes. Neve e néboa son dous fenómenos meteorolóxicos comúns e frecuentes no espazo xeográfico que nos ocupa. Os rigores

estacionais, de extremo frío no inverno, e forte sequeidade e calor no verán, son circunstancias que sumadas ás anteriores deron orixe ó establecemento dun sistema de orientación e sinalización, cal orixe se perde nos tempos, que posibilitara o fácil ou, mellor dito, seguro, desprazamento pola serra, tanto nas viaxes entre lugares poboados, como nos labores de pastoreo, agrícolas, etc.

Outros factores tales como a necesidade de establecer novos "*curros*" tanto por pastoreo alternativo, coma por desaparición de mananciais, imprescindibles para a permanencia estacional; a necesidade de camiños e sendas sen outra circulación que a dos






Fig. 1  
*Estante sobre a aldea das Forcadas (sistema xeral)*

grandes fitos (Fig. 1 e 2) que sobrepasan os dous metros e medio de altura. A súa base é circular, e os seu diámetro de un metro. A morfoloxía é troncocónica, rematada nun estreitamento semiesférico, e a súa construción de mampostería, de xeito que asegure unha gran permanencia. Os segundos, chamados **pedras** ou **laxes** (Fig.3) son antas, recollidas en superficie, sen ningún tipo de intervención, como non sexa, en contados casos, a fragmentación para darlle a forma alongada precisa.

Estantes e pedras conforman un sistema único onde as segundas, colocadas á marxe das vereas coa altura suficiente para sobresaír no caso de grandes nevadas e situadas con determinada frecuencia ou espaciamento regular, conducen ós primeiros. Estes -os estantes- atópanse sempre nas dorsais de lombas, dende as que se divisa a aldea respectiva, sendo elixidas de xeito que dende as mesmas non só se divise o poboado, senón que dende este sexan visibles os sinais ópticos que mediante lume, ou calquera

meses de verán, etc., dan lugar ó nacemento doutros sistemas de orientación.

Así teremos alomenos dous ben diferenciados. Un, que poderemos chamar **sistema xeral**, e que atinxe á circulación permanente pola totalidade da serra, e mesmo alén dela<sup>1</sup>, e outro que podemos definir como **sistema local**. Este non é permanente, pois

varía segundo a itinerancia ou falta de tránsito xerados polas circunstancias xa expostas.

No primeiro deles os sinais establecidos son máis sólidos e de maior tamaño. Os principais elementos deste sistema están constituídos polos **estantes** e as **pedras** ou **laxes**.

Os primeiros -estantes- son

1. A vereia atravesa a Serra de Queixa en sentido NE-SW, vertebrándose en accesos a distintos lugares dos concellos nos que se asenta. Segundo as investigacións que realizamos continuaba "pola cresta do Invernadeiro, Penedo do Venado, Fontefría e Gondulfes, e terminaba no Marco de Verín". O noso informante añade: "a esta vereia xuntábase outra que viña de cara Pias, ó parecer."





Fig. 2. *Estante sobre o lugar de Castiñeira (sistema xeral)*

Fig. 3. *Pedra, sinal de camiño (sistema xeral)*

outro medio, poida facer quen se atope ó pé do estante.

Dende algún estante –só coñecemos-lo caso do das Forcadas– unha liña continua de bardas a modo de vedación, ou delimitación territorial, prolóngase ata as primeiras terras de pastizais da aldea.

Cómpre sinalar, non obstante, que os sinais son máis profusos nos camiños que se vertebran da vereira principal<sup>2</sup> que na propia vereira. Isto é fácil de entender se se ten en conta que a mesma discorre sempre pola divisoria de augas do sis-



2. Nun treito de aproximadamente quilómetro e medio, atopamos ata doce destas antas.





Fig. 4  
*Pedra, sinal de vereia fóra do seu emprazamento (sistema xeral)*

tema montañoso, polo que as posibilidades de desorientación son menores que no caso dos camiños secundarios, mesmo en circunstancias de néboa.

Apenas quedan sinais nesta ruta principal. Segundo as informacións recollidas de

pastores e camiñantes habituais, xente maior, as pedras “estaban sen labrar, tiñan marcas e eran moi altas”.<sup>3</sup> Nas nosas frecuentes incursións na serra, poucas destas pedras temos atopado; donde sí as localizamos é no contorno habitado, Requeixo, As Forcadas e Pedralbar (ou


Pradoalbar). As que ilustran este traballo (Fig. 4 e 5) localizámolas no lugar das Forcadas a donde foron transportadas. Unha foi colocada na entrada do lugar realizándose nela certa intervención, e a outra empregouse como piar soporlando unha cuberta ou “*louxado*” na denominación local. Nun e no outro caso ostentan signos profilácticos, ou máxicos, tales como cruces, círculos e outras incisións xeométricas. Algunhas destas marcas de moi recente execución obsérvanse tamén en diversos soportes e distintos edificios das aldeas citadas.

Polo que respecta os sinais nos camiños que parten da vereia os mellor conservados son os situados ó pé do camiño que discorre ó longo da paraxe coñecida coma *Malladas das Forcadas*. Orientan ó respectivo estante, é dicir, ó das Forcadas.

Respecto dos estantes, aínda que temos constancia da existencia de algúns máis, só temos visitado ata a data os seguintes: o de Castiñeira, o das Forcadas, o de Requeixo e

3. Un dos nosos informantes, Domingo Requejo, tiña un gran coñecemento desta vereia, xa que ademais de haber sido alternativamente pastor e vaqueiro, tamén percorrera o camiño entre Manzaneda e Portugal en varias ocasións para adquisición de produtos de primeira necesidade na época da postguerra.





*Perspectiva sintetizada do sistema xeral nun camiño que arrinca da vereira principal (Base: camiño das Forcadas)*

o que, cunha función máis ampla como é a da orientación xeral de toda a zona leste da serra, consérvase na paraxe do "*Sistil Blanco*". Dende este último albíscanse outros dous, en estado de conservación que descoñecemos, por riba de Pedralbar. Detéctanse algúns máis no horizonte, máis afastado, mediante a observación con binoculares; descoñecemos-lo nomeamento dos lugares nos que se emprazan.

Pasamos a referirnos agora ó segundo sistema que xa denominamos como **Sistema local**. Os sinais son neste profusos e de execución menos duradeira. Presenta tamén **estantes e sinais**. Os **estantes** son de morfoloxía ben distinta ós do sistema principal;



Fig. 5  
*Pedra, sinal de vereira fóra do seu emprazamento (sistema xeral)*




Fig. 6  
*Estante sobre O Foxo. Orientación a curros (sistema local)*

consisten en amontoamentos de pedras, realizados de xeito case improvisado e ás veces de escasa estabilidade (Fig. 6 e 7). Algúns estantes desta tipoloxía non se integran no sistema, carecendo de función concreta, son froito de entretemento dos pastores.

Os **sinais**, fitos de menor entidade, aínda que primordial función, son de execu-

ción expeditiva, e moitas veces ocasional. Están formados por alomenos dúas pedras de diferente tamaño, postas unha enriba da outra, e sempre sobre un pequeno penedo ou rocha (Fig. 8). Sitúanse moi próximos uns dos outros, tendo como obxecto orientar por sendas que case sempre conducen ós curros, fontes, etc. Constitúen case unha linguaxe<sup>4</sup>, pois hai casos nos que

se empregan estos sinais para indicar a itinerancia que determinado pastor realiza nun día concreto, co fin de posibilitar a congregación, nun punto non habitual, doutros pastores á hora de xantar e do “*sesteo*” -como se lle chama o descanso da res nas horas de forte calor- e sempre e cando esta convocatoria non sexa factible mediante o son das “*cornas*”, procedemento habitual e preferente (Fig. 9). A necesidade dos sinais tamén acostuma a ser xerada por un feito: a modificación natural ou antropóxena da paisaxe, chuvias, queimas, e desertificación son causas de formación de aparentes ou falsas sendas, de xeito que a serra en zonas de monte moi baixo semella estar chea de sendeiros feitos por ninguén que levan a ningures, o cal propicia o extravío se non se recorre ó xeito de sinalización que nos ocupa.

Sen que fosen feitos co obxectivo de guiar ó camiñante ou pastor, existen outros elementos que, realizados polo home, contribúen á

4. Incapaces de substraernos á influencia da nosa principal ocupación, na que os símbolos diferenciais, grafismos e sinalética en xeral, constitúen unha especial linguaxe, mesturamos opinións propias da profesión coas deducións habituais do etnógrafo. Creemos, que así favorecemos a comprensión do que queremos transmitir, e tamén a fluidez do relato.



Fig. 7  
*Estante sobre a Veiga da Boulla.*  
*Orientación a curros*  
*(sistema local)*



Fig. 8. *Sinais de senda ocasional*  
*estabelecidos como consecuencia da*  
*invasión de especies vexetais nun*  
*camiño pouco frecuentado*  
*(sistema local)*







Fig. 9  
*Pastor mostrando as "cornas"*

malladas son algúns destes elementos (Fig. 13 e 14).

En ocasións o que habitualmente é punto de destino, convértese en referente, é o caso dos curros; a este respecto podemos sinalar que nas inmediacións moi próximas do camiño que vai de Cernado ós curros da Mosenda atopamos alomenos outros catro curros, a saber: o de Castelaioso, o do Pedíneiro, o dos Bubedos Redondos e o da Corcova.

Antes de rematar quixeramos deixar constancia da existencia anterior, segundo as informacións recollidas, do que debeu ser un sistema de comunicacións ópticas formado por grandes torres, popularmente coñecido como **"telegrafo"** (pronuncia grave). Apenas se atopa xente que pola súa idade permaneza en condicións de transmitir detalles sobre o mesmo. Algúns dos nosos informantes situaban unha destas torres na *Cabeza de Manzaneda*, e outra no *Castelo de Cerveira*<sup>6</sup>.

orientación e que de feito, complementan o sistema, son: as mámoas<sup>5</sup>, os sinais de término (Fig. 10 e 11) e as estremas (Fig 12) que fixan a compartimentación da serra. Estas presentan frecuentemente singularidades formales tan notorias e características de

tal permanencia, que as converten nun referente idóneo para a localización de determinados itinerarios ou lugares concretos. Tamén as singularidades xeográficas axudan a unha mellor orientación: penedos de suxerente morfoloxía, lagoas, "cenzas" e

5. Sonnos coñecidos tres campos de mámoas nesta serra. Dous deles foron inventariados e catalogados pola Xunta de Galicia. As súas claves de identificación son, respectivamente, as seguintes: GA-32004001 e GA-32004002, permanecendo inédito o restante.

6. Este emprazamento, polo interese que presenta a súa particular configuración e o seu contorno inmediato, é obxecto de estudo pola nosa parte.






Fig. 10  
*Mámoa do Marco Cavado.*  
*Situada ó pé da vereia, serve*  
*de sinal de término e de refe-*  
*rente para o camiño*

Fig. 11  
*Sinal de término*  
*entre concellos*


Curso abaixo do río de Cerveira, o cal discorre ó pé do castelo, tomamos datos dunha construción coñecida como “A Torre”. É de planta circular segmentada, polo que presenta un tramo recto; o seu diámetro primitivo exterior é duns oito metros, sendo o espesor do muro de un metro oitenta centímetros. Aséntase nun perímetro tamén circular, murado, con diámetro de trinta metros, no que se adosan outras construcións menores. Puidéramos estar ante un dos elementos que conformaban o telegrafo, pero de momento non é máis que unha especulación.








SECCION CONTINUA



SECCION INTERMITENTE



PERSPECTIVA





Fig. 13. *Penedo*

Fig. 14. *Penedo*

Noutros puntos elevados do espacio estudiado quedan restos de indudable pertenza a moreas ou atalaias que nos aseguraron ser de torres do citado telegrafo; da existencia dalgunha delas gardamos memoria, nuns intres nos que aínda conservaban certa altura da súa fábrica orixinal.

Temos tamén noticias da existencia dun sistema semellante nas características e na denominación, na zona dos Pirineos.




Fig. 12  
*Debuxo da extrema,  
Serra de Cernado.  
(croquis de campo)*